

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 10 DE MARZO DE 2008

LICENZAS

FAVORABLES.-

307/07.- **Obras y Construcciones Hidraulicas, S.L.**- Construcción de nave e apertura (Lap/61/07) de material de construcción no polígono de Costa Vella, SUNP-37, parcela 62.-

2929/04.- **Lorygar, S.L.**- Obras de ampliación da antigua fábrica de papel de Vidán para actividade hoteleira de catro estrelas con Spa e Wellnes (Lap/346/04).

1967/07.- **Angel Pardo Fidalgo**.- Edificio (viv. e baixo comercial) na Rúa Rosalía de Castro núm.164.-

291/07.- **Witland Group, S.L.**- Edificio comercial na parcela Of1 do SUNP-2 de Salgueiriños.-

RECURSO REPOSICIÓN.-

1243/06.- **Juan Vázquez Mato**.- Rehabilitación edificación sita na Rúa do Franco núm.48 para uso hoteleiro..- (D).-

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.-

662/04.- **Juan Manuel Villar Villar**.-Expte..1002/94.....250.000 ptas (1.502,53 €).-

2198/07.- **Montelnor SCG**.-Expte 2366/06.....600 €.-

856/05.- **Rafael Souto Carlin**.-.....Expte..911/91.....1.803,04 €.-

200/08.- **Volta do Castro Soc. Coop.**-.....Expte..949/04.....60.000 €.-

516/06.- **Decoración Instalaciones y Construcciones SA Dicsa**,-....Expte..491/05..12.000 €.-

1684/04.- **Concepción Rodríguez Puga**.- ..Expte..1086/99.....336.000 ptas..(2.019,40 €).-

59/08.- **Promoción Agropecuaria e Industrial, S.A.**..Expte.....2314/06....2.000 €.-

375/07.- **Jaime Bouzas López**.-.....Expte 74/01.....252.000 ptas (1.514,55 €).-

2484/07.- **José Sánchez Gómez**.-.....Expte.....384.000 ptas (2.307,89 €).-

18/05.- **Celestino Barreiro Mejuto**.-.....Expte..296/01.....1.875.200 ptas(11.270,17 €).-

164/07.- **Luisa Montouto Ouzande**.-.....Expte..2223/02.....2.668 €.-

2126/06.- **Navegal, S.L.**-.....Expte 22/90.....464.760 ptas(2.793,26 €).-

1796/07.- **Sonia Maroño Mosquera**.-Expte...2206/00.....232.000 ptas..(1.394,34 €).-

223/08.- **Construcciones Ramos Freita**.-.....Expte.....2284/99...93.308,09 €.-

2612/07.- **Ferroarcos, S.L.**-Expte..1673/07.....1.500 €.-

INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE CADUCIDADE.-

2291/01.- **Manuel Vieites Fraga**.- Edificio na Rúa da Angustia núm.40.-

APERTURAS.-

Lap/156/07.- **Tamesa Santiago, S.L.**- Taller de vehículos industriais na Vía Galileo, Parcela 7A, do SUNP-34.-

OCIHR

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/2401/2007.- **MARIA DOLORES ENRIQUEZ OGANDO**.- Adecuación de Vivenda en Planta nº 3.- Rúa Vilar nº4-3º.-

LIC/1723/2006.- **CONSORCIO DE SANTIAGO**.- Restauración do Convento de Belvís.

DISCIPLINA.-

DIS/1051/2007.- desestimación de alegacións da resolución de expediente sancionador por infracción á ordenanza local de ocupación vía pública con mesas e cadeiras.

7 a 66.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa a solicitudes de exención na taxa por subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación de recollida e tratamiento de residuos sólidos urbanos, no imposto sobre bens inmóbiles.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

67.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa á declaración de utilidade pública da asociación "A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA".
Informáse favorablemente sobre a declaración de utilidade pública da devandita asociación.

68.- Declaración de utilidade pública da asociación pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA.
Informáse favorablemente sobre a declaración de utilidade pública da devandita asociación.

69.- Propostas do concelleiro delegado de Transportes relativas a presentación de alegacións perante a Xunta de Galicia por mor de diversas solicitudes de empresas de transporte de viaxeiros.

Infórmase desfavorablemente a solicitude da empresa Donado Campos de incremento de itinerarios e de paradas que afectan ao tranporte urbano de Santiago.

70.- Prórroga do convenio entre o Concello e a Consellería de Sanidade para o desenvolvimento de programas de tratamiento de drogodependencias non exclusivamente alcohólicas para 2008.

Dáse conformidade ao desenvolvimento dos programas e servizos que, en materia de drogodependencias non exclusivamente alcohólicas, se propoñen realizar para o ano 2008 no marco do Plan de Galicia sobre Drogas. A Xunta achega a cantidade de 2.007.896,32.

71.- Proposta da concelleira delegada de Servizos Sociais relativa á subsanación da cantidade solicitada en concepto da subvención para actividades de voluntariado 2008.

Subsanase o devandito erro, polo que a subvención solicitada pasa a ser de 10.320 euros e non de 12.900, como estaba previsto inicialmente.

72.- Proposta da concelleira delegada de Muller relativa á aprobación dos actos conmemorativos do DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

Apróbanse os actos e un orzamento para os mesmos de 4.740 euros.

73.- Xustificación do convenio entre o Concello e a Fundación Eugenio Granell.

Xustifícase a anualidade 2007 do convenio asinado coa Fundación Eugenio Granell, por importe de 233.466 euros.

74.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á apertura dos prazos de solicitude de ingreso nas escolas infantís municipais de Conxo e Fontiñas.

Apróbase a apertura de prazos de presentación de solicitudes de ingreso e o procedemento de admisión nas Escolas Infantís Municipais de Conxo e Fontiñas.

O 15 de marzo remata o procedemento de reserva de prazas do alumnado actual, polo que unha vez revisadas as reservas se procederá o día 27 de marzo á exposición pública da lista de reserva de prazas e do número de prazas vacantes por unidades nos taboleiros de anuncios do Concello de Santiago de Compostela e nos das escolas infantís municipais.

O prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso será do 28 de marzo ao 15 de abril. As solicitudes entregaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago.

75.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao nomeamento de representante municipal na comisión de escolarización.

Noméase a á concelleira de Educación como representante municipal na comisión de escolarización.

76.- Dar conta do convenio de colaboración entre o Concello e a Xunta de Galicia para o programa de información, orientación e inserción sociolaboral para emigrantes retornados e inmigrantes, e da corrección de erro no acordo de 26-12-07, sobre contratación e prórroga de contratos laborais.

Procédese ao nomeamento de dous funcionarios interinos para a execución do devandito programa.

77.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á actualización do prezo máximo de venda das futuras vivendas a executar nos soares pendentes de edificar na zona residencial provenientes de uso de aparthoteis.

Establécese para o ano 2008 o prezo máximo de venda do metro cadrado construído de vivenda en 1.840 euros das novas vivendas a construír naquelas parcelas merecedoras de variación no uso de aparthoteis a residencial no ámbito do SUNP-17.

As prazas de garaxe, estean ou non vinculadas á vivenda, faiados e demais anexos á vivenda limitáse o seu prezo máximo de venda por metro cadrado construído no 60% do prezo sinalado para as vivendas.

78.- Proposta do concelleiro delegado de Intraestructuras relativa á apertura ao tráfico peonil da vía de Domingo García-Sabell Rivas.

Procédese á posta en servizo provisorio ao tráfico peonil o tramo da rúa de Domingo García-Sabell Rivas comprendido entre o cruce da rúa de Carretas-Entrerríos e o tramo xa posto en servizo provisorio por acordo da Xunta de Goberno Local do 26 de decembro de 2007.

79.- Proposta da alcaldía relativa ao inicio do expediente complementario sobre os dereitos de arrendamento na expropiación da Casa do Cabildo.

Iníciase, en beneficio do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela, o procedemento de expropiación, por taxación conxunta, para extinguir os dereitos existentes no inmoble Casa do Cabildo.

Apróbase inicialmente o proxecto complementario para extinguir os dereitos de arrendamento existentes na Casa do Cabildo, no que se contén a descripción dos dereitos afectados, e as follas do prezo xusto individualizadas, e sométese a información pública polo prazo dun mes.

URXENCIAS

1.- Acórdase nomear un funcionario interino técnico de educación para o desenvolvemento da “programación municipal de animación á lectura e promoción do libro” e do “programa didáctico comer cos cinco sentidos”, ata o seu remate, previsto para o 30 de xuño de 2008.

2.- Apróbanse as bases da convocatoria de subvencións destinadas á prevención de incendios 2008, a través das que se subvencionarán os gastos derivados da execución das rozas e/ou talas de especies arbóreas segundo o establecido na Lei 3/2007 de 9 de abril de prevención e defensa contraincendios forestais de Galicia, para o que se destinará unha contía total de 15.000 euros.

3.- Adxudícanse “obras varias de mantemento e reparación nos Centros de Educación Infantil e Primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela” á empresa UPONOR, SL por importe de 57.807 euros.